

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A ELECCIÓN DA ENTIDADE CÁRITAS FEDERADAS DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA- CÁRITAS FEDERADAS EN GALICIA PARA ASINAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE ARRAIGO PARA A FORMACIÓN**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Mediante o Real Decreto 629/2022, do 26 de xullo, modificouse o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei Orgánica 2/2009, aprobado polo Real Decreto 557/2011, de 20 de abril, e recolle na súa parte expositiva que é necesario actualizar e mellorar a actual normativa migratoria vinculada ao ámbito laboral, que resulta desfasada para cubrir as necesidades e desaxustes do mercado de traballo actualmente. Ademais as empresas atópanse con procedementos administrativos complexos e que se dilatan no tempo cando tratan de cubrir os postos de traballo vacantes coa chegada de persoas traballadoras por vías regulares.

A ese escenario de necesidades do mercado de traballo, contraponse a existencia de persoas en situación irregular que desexan traballar e que se ven obrigadas a acudir a determinado tipo de autorizacións como son as de residencia por circunstancias excepcionais e, máis concretamente, aos denominados arraigos laboral e social.

Coa entrada en vigor do dito Real Decreto 629/2022, do 26 de xullo, entra en vigor a nova figura do arraigo para a formación, de xeito que aquelas persoas que residan en España en situación irregular e cumpran un compromiso efectivo de formación poidan obter unha autorización de residencia. Deste xeito, por un lado, poderase obter persoal coa formación necesaria para cubrir postos de traballo que ofertan as empresas e por outra parte, procederá a incorporar ao mercado laboral a persoas que se atopan traballando de maneira precaria ou directamente irregular.

Este Real Decreto veuse complementado pola Instrución SEM 1/2022 da Secretaría de Estado de Migracións e que foi modificada substancialmente en xuño de 2023 en aspectos relevantes tales como o requisito de formación mínima de 200 horas, desaparecendo ese requisito de duración mínima e tamén se elimina a esixencia de que sexa formación presencial ao tempo que se abre o abano de posibilidades de tipoloxías de formación que se poden cursar, entre elas, danlle entrada as microcredenciais.

Estas modificacións que implican unha importante flexibilización son valoradas pola consellería como unha oportunidade de contribuír a regularizar a situación administrativa dunha poboación que se atopa en situación irregular e que, segundo fontes da Consellería de Sanidade en Galicia atoparíanse en situación irregular en Galicia ao redor dunhas 12.000 persoas; e ademais contribuiríase deste xeito a poder contar con máis persoas que poidan acceder ao mercado laboral e así cubrir postos de traballo que ofertan as empresas e están quedando vacantes.

Deste xeito a mediados de 2023 puxéronse en marcha 3 proxectos pilotos de arraigo para a formación para os que se formalizaron os correspondentes convenios de colaboración con tres entidades sociais se ánimo de lucro: Cáritas Federadas en Galicia, Cáritas Diocesanas de Lugo e



Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia (EFA Galicia). Rematado o 30 de xuño a vixencia destes proxectos, os obxectivos marcados nos convenios están acadados, así:

ENTIDADE	Nº PERSOAS PREVISTO CON AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA	Nº PERSOAS CON AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA	Nº PERSOAS PREVISTO CON AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E DE TRABALLO	Nº PERSOAS CON AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E DE TRABALLO	Nº PERSOAS PREVISTO DE INSERCIÓN LABORAL	Nº PERSOAS INSERTADAS (á data desta memoria)
Cáritas Federadas en Galicia	65	64	<b>48</b>	46	48	<b>46</b>
Cáritas Diocesanas de Lugo	20	20	<b>15</b>	19	15	<b>19</b>
EFA Galicia	15	15	<b>11</b>	9	11	<b>9</b>

Polo tanto os resultados previstos son moi satisfactorios tendo en conta que se cumpre no 100% o obxectivo da inserción que se establecía nos respectivos convenios.

Cómpre sinalar que as autorizacións administrativas tanto de residencia como de traballo son competencia estatal, sendo as oficinas de estranxeiría en Galicia, baixo a dependencia da Delegación do Goberno, as unidades competentes para a tramitación destas solicitudes. Os tempos de agarda por un cita previa para atención son longos e este é un primeiro obstáculo para poder realizar os trámites necesarios. Por este motivo, desde a consellería mantivéronse reunións coa Delegación do Goberno para presentarlles esta iniciativa e buscar unha vía de axilización para as persoas participantes no proxecto de xeito que se puideran cumprir os obxectivos e compromisos, existindo unha receptividade positiva neste sentido e sendo ademais un factor positivo e de confianza que os proxectos estiveran xestionados por entidades de carácter social con ampla experiencia e promovidos por unha administración pública.

Deste xeito, e tendo en conta os bos resultados obtidos froito do traballo das entidades que xestionaron o programa, que pola súa experiencia dispoñen de todos os recursos para unha atención integral á persoa o que é un eixo fundamental para o éxito dos fins que se pretenden e que xiran sobre todo en que as persoas participantes non se desmotiven e abandonen ante as trabas burocráticas e os tempos de espera polas autorizacións administrativas, é polo que se considera que as entidades idóneas para continuar con esta iniciativa son as ditas entidades tendo en conta ademais a súa implantación territorial en Galicia e que veñen xa traballando con esa poboación inmigrante atendéndoas nas súas necesidades básicas máis inmediatas e que ademais son coñecedoras, polo seu traballo diario, na xestión de trámites legais e administrativos derivados da situación de inmigrante.

Cómpre facer tamén referencia ao feito de que o pasado mes de abril, o Congreso dos Deputados tomou en consideración a iniciativa legislativa popular para un proceso de regularización extraordinario de persoas estranxeiras que se atopan en España en situación irregular. Deste xeito, e en tanto non se aprobe a normativa correspondente que poida dar amparo a este proceso extraordinario de regularización, as persoas que neste momento se atopan nesa situación de irregularidade seguen nunha situación de vulnerabilidade e coas expectativas postas en programas como os que se levan a cabo a través dos convenios dos que estamos a falar. Tanto é así que as entidades coas que se desenvolveron os primeiros proxectos xa teñen trasladado o seu interese a esta consellería dado que teñen as persoas interesadas en poder participar a través desta vía, polo que é de interese social e humanitario poder facilitarlles os medios para que poidan regularizar a súa situación. No caso de Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de



Santiago de Compostela- Cáritas Federadas en Galicia, contan xa cunha relación de 95 persoas agardando poder participar.

A entidade Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela- Cáritas Federadas en Galicia é unha institución sen ánimo de lucro que traballa cara ao desenvolvemento social, educativo e cultural de Galicia, promovendo desde a súa creación proxectos de acción dirixidos a mellorar e fortalecer o futuro da sociedade galega en xeral. Entre esas liñas de acción están as relativas aos procesos de acompañamento e integración no mercado laboral, a través da formación dirixida a persoas candidatas a postos de traballo a cal reverta nun mellor desenvolvemento das súas capacidades laborais.

Tendo en conta que Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela- Cáritas Federadas en Galicia é unha entidade que desenvolve proxectos encamiñados á mellora da empregabilidade das persoas e dada a especificidade do programa a desenvolver, os requisitos das persoas destinatarias participantes, a necesidade de que sexa executado por unha entidade que poida actuar de xeito integral, que conte cos medios necesarios, e que reúna as condicións de solvencia técnica para a realización das actividades propostas, estímase xustificada a elección da mesma xa que dispón de todo o necesario para poder desenvolver o proxecto e por iso se considera que dita entidade é a idónea para realizar este proxecto e inclúese dentro da excepción ao principio de concorrencia pública de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de opoñer excepción do réxime común de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, como é o caso dado o carácter manifestamente social e humanitario da finalidade do programa xa que se trata de poder ofrecer á poboación inmigrante irregular unha atención integral e personalizada que lles permita acceder á situación de arraigo para a formación contemplado no Real Decreto 629/2022, de 26 de xullo, e a través desta acadar as autorizacións de residencia e de traballo e regularizar así a súa situación.

Asinado na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego  
Zeltia Lado Lago

